

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial.	Estadística Empresarial I
b) Titulación.	ADE
c) Créditos	4.5 (Teóricos 3; Prácticos 1.5)
d) Curso.	Segundo
e) Código da materia.	611211206
f) Tipo.	Obrigatoria
g) Impartición.	Primer Cuatrimestre
h) Departamento/s responsable/s.	Economía Aplicada II
i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia	

Información por grupo (A;B;C)

Información por grupo (A;B;C)

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Xosé Ml. Martínez Filgueira

2) Lugar e horario de titorías

Despacho 342, 3ª planta, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Martes 15h 30' – 19h 30'

Mércores 10h 30' – 12h 30'

3) E-mail

ecomrf03@ucv.udc.es

4) Universidade Virtual SI

Web da asignatura:

<http://www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/ade1/>

5) Lingua na que se impartirá a docencia

galego

II. OBXETIVOS DA MATERIA

Comprensión dos conceptos básicos do Cálculo de Probabilidade e do seu interese como modelización do comportamento aleatorio: Fenómenos aleatorios. Variable aleatoria unidimensional e bidimensional. Características das variables aleatorias. Principais distribucións de variables aleatorias discretas e continuas. Convergencia

Adestramento no manexo destes conceptos.

Introducción á linguaxe matemática manexada na Estatística.

III. METODOLOXÍA

Neste curso solicitarase unha redución das clases presenciais (un máximo do 30%), dentro do marco de adaptación ó novo espazo europeo de educación, pola

impartición de clases nun posgrado oficial, e pola pertenza do profesor a un grupo departamental de calidade.

Esta redución repartirase nas clases de Decembro e Xaneiro, nas que habitualmente a asistencia do alumnado era menor.

Estas clases presenciais serán substituídas por titorías colectivas, para asesorar ós alumnos no traballo práctico proposto polo profesor.

Clase Maxistral: Na que se explicará a parte teórica da asignatura e se describirán a aplicación dos conceptos teóricos a exercicios prácticos.

Traballo práctico do alumno: na aula, onde realizarán exercicios propostos polo profesor, mediante os cales se buscará afianzar os conceptos teóricos e o seu manexo. Complementarase coa proposta e realización de exercicios fora do tempo lectivo para a súa resolución e comentario na aula.

Traballo práctico en equipo: O profesor propoñerá unha serie de boletíns de exercicios ós alumnos, que deberán resolver en grupos (preferentemente de 3 alumnos). Posteriormente seleccionarase a algún dos membros do grupo para expoñer a resolución de algún exercicio do boletín (ou similar a eles) no encerado ou por escrito.

Titorías colectivas: Nas que se apoiará a realización dos exercicios propostos para o traballo en equipo, así como as cuestións que os alumnos poidan plantexar. Estas titorías serán voluntarias, (coma todas) e realizaranse fora do horario de clase.

IV. AVALIACIÓN

Para todos: Consistiría nun exame final da materia na que se combinarán exercicios prácticos con cuestións teóricas.

Voluntario: Para promover o traballo continuado do alumno, realizaranse unha serie de 4 probas.

Os alumnos que aproben as catro poderán aprobar a asignatura sen realizar o exame final.

Os alumnos que suspendan unha soa proba realizarán unha repesca desa proba para aproba-la asignatura. Os que suspendan máis de 1 ou a repesca deberán facer o exame final

Poderán realizar estas probas aqueles alumnos que realicen e entreguen os boletíns e non reciban cualificación negativa na súa exposición. Excepcionalmente, alumnos que non poidan realizar os boletíns ou a súa exposición deberán falar co profesor para que lles indique unha alternativa, para poder realizara as probas.

Os **traballos en equipo** tamén se valorarán. Cada boletín entregado é 0.1 puntos para cada membro do equipo.

A **exposición dun exercicio** do boletín na aula (no encerado ou por escrito):

- se se fai **correctamente** será 0.25 puntos para o alumno que expoña (seleccionado polo profesor) e 0.1 para o resto dos seus compañeiros de equipo.
- **Se a exposición non se fai correctamente** (ou non se fai por que o alumno non está presente): - 0.3 puntos para o alumno que expoña e 0 para os seus compañeiros.

Dado que un dos obxectivos destes traballos é incentivar a asistencia a clase e o traballo continuado do alumno, poderase variar estas calificacións (para aumentalas) nos periodos nos que a asistencia sexa moi reducida.

A nota que se obteña con estes traballos sumarase na proba correspondente, ós alumnos que superen unha puntuación mínima de **compensable**. Para os alumnos que se presenten ó exame final, a nota dividirase entre 2 e sumarase, sempre que superen o 4 (sobre 10).

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

- 1.- Probabilidade
- 2.- Variables Aleatorias Unidimensionais
- 3.- Variables Aleatorias Bidimensionais
- 4.- Características das Variables Aleatorias
- 5.- Características das Variables Aleatorias Bidimensionais
- 6.- Principais Distribucións Discretas
- 7.- Principais Distribucións Continuas
- 8.- Convergencia

VI. RECOMENDACIÓN

Reparar a parte do temario de secundaria adicado a Probabilidade, Estatística Descritiva e Distribucións (Normal, Binomial)

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Web da asignatura:

<http://www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/ade1>

Bibliografía recomendada:

ARANDA, J. y GOMEZ, J. (1992): Fundamentos de Estadística para Economía y Empresas, PPU, Barcelona.

CASAS SANCHEZ, J. M. (2000): Estadística I probabilidad y distribuciones, Editorial Centro de Estudios Ramón Areces, S. A., Madrid.

FERNANDEZ-ABASCAL, H.; GUIJARRO, M.; ROJO, J. L y SANZ, J. A. (1994): Cálculo de Probabilidades y Estadística, Editorial Ariel, S. A., Barcelona.

FERNANDEZ-ABASCAL, H.; GUIJARRO, M.; ROJO, J. L y SANZ, J. A. (1995): Ejercicios de cálculo de probabilidades, Editorial Ariel, S. A., Barcelona.

GARCÍA-CARRO PEÑA, B; SÁNCHEZ SELLERO, C; MARTÍNEZ FILGUEIRA, X.M.. (2003): Curso práctico de probabilidad con aplicaciones económicas y empresariales. Universidade da Coruña. A Coruña.

LOPEZ DE LA MANZANERA, J. (1989): Problemas de Estadística, Ediciones Pirámide S. A., Madrid.

LOPEZ ORTEGA, JAVIER (1994): Problemas de estadística para ciencias económicas y empresariales. Calculo de probabilidades; Editorial Tebar Flores, S. L., Madrid.

MARTIN PLIEGO, F. J. Y RUIZ-MAYA, L. (1998): Fundamentos de probabilidad, Editorial AC, Madrid.

MARTIN PLIEGO, F. J., MONTERO LORENZO, J. M., Y RUIZ-MAYA, L. (1998): Problemas de probabilidad, Editorial AC, Madrid.

MONTIEL TORRES, A. M., RIUS DIAZ, F. y BARON LOPEZ, F. J. (1997): Elementos básicos de estadística económica y empresarial, Prentice Hall, Madrid.

PEÑA SANCHEZ DE RIVERA, DANIEL (1986): Estadística modelos y métodos I: Fundamentos, Alianza Editorial, S. A., Madrid.

PEÑA, DANIEL Y ROMO, JUAN (1997): *Introducción a la Estadística para las Ciencias Sociales*, McGraw Hill, Madrid.

PERALTA ASTUDILLO, M. J.; RUA VIEYTES, A.; REDONDO PALOMO, R. y DEL CAMPO CAMPOS, C. (2000): *Estadística, problemas resueltos*, Ediciones Pirámide, M.

PEREZ SUAREZ, RIGOBERTO (COORD) (1997): *Análisis de datos económicos II, Métodos Inferenciales*, Ediciones Pirámide, Madrid.

RUIZ-MAYA, L. (1986): *Problemas de Estadística*, Editorial AC, Madrid.